

6.3. O enigma da supervivencia

Entre os científicos que estudan as extincións masivas persiste unha dúbida: por que algunhas especies (as cascudas, por exemplo), que apareceron hai máis de 300 millóns de anos soportaron sen inmutarse catro extincións masivas?

A continuación [Figuras 3.34, 3.35 e 3.36] ilústrase unha explicación sobre a supervivencia dos antepasados das formas de vida actuais: plantas con semente, insectos, aves, pequenos réptiles e mamíferos. Por que non se extinguiron coma os dinosauros?




Figura 3.34. Os dinosauros herbívoros comen a exuberante vexetación, e os carnívoros, aos herbívoros. Pequenos mamíferos e aves ocupan unha posición moi marxinal.



Figura 3.35. Cae o asteroide, o que causa a interrupción da fotosíntese e, polo tanto, desaparece a vexetación: rompe a cadea trófica. Só sobrevivirán animais que coman sementes e os insectos que se alimenten de preas e detritos.



Figura 3.36. Reaparece a luz. As sementes xerminan, nacen as plantas e a cadea trófica reestrutúrase coas especies superviventes, entre as que non están nin os grandes herbívoros nin os grandes carnívoros.

ACTIVIDADES

- 9 Explica o que ocorreu entre a primeira e a terceira viñeta. Como se altera a cadea de alimentación?
- 10 Os científicos cren que só sobreviviron animais de menos de 25 kg. Poderías xustificar esta suposición?